

# ID#8

Olas - Mesía, 1977

**Informantes:** Rafael Suárez (pai), Jesusa e Julio Suárez (filhos)

**Compilador:** Baldomero Iglesias

**Transcripción:** Sergio de la Ossa (2008-09-26)

*Rafael:*

1. O tío Pepe do pelo castaño  
fixome un puchinho de moito carallo.

*E chínguili, chínguili, chínguili;  
e chínguili, chínguili, cha!  
E tómalo María Lita;  
e tómalo María La!*

2. A por enriba daquel outeiro  
estaba un cu coscándose un peido.

*Ai, chínguili,...*

*Jesusa:*

3. E por arriba daquela burata  
estaba unha vella rascando unha rata.

*Ai, chínguili,...*

*Julio:*

4. Acó embaixo naquela camposa  
estaba o Maroño acabalo da Rosa.

*Ai, chínguili,...*

*Jesusa:*

5. A caralla, mingaralla,  
e os quillós, meringallós-e;  
a caralla, sete libras,  
e os quillós, tres cuartarós-e.

*Ai, chínguili,...*

*Julio:*

6. Outro rapaz foi aló a Ghasalla  
e aos primeiros toxos pinchou a caralla.

*Ai, chínguili,...*

*Rafael:*

7. Botei un polvo na cona  
e outro no cerendello;  
arriba, carreteiriño,  
abaixo, que non hai medo.

*Ai, chínguili, chínguili, chínguili;  
ai, chínguili, chínguili, cha!*

*Jesusa:*

8. O machuzo vai na ghrade  
e o manelo no caínzo;  
a caralliña de Julio,  
somentando no maínzo.

*Ai, chínguili,...*

*Rafael:*

9. Teño unha escopeta blanca,  
bota o pelo na culata;

*Ai, chínguili, chínguili, chínguili;  
ai, chínguili, chínguili, cha!*

si lle tiran do ghatillo,

bota leite na conacha.

*Ai, chínguili, chínguili, chínguili;  
ai, chínguili, chínguili, cha!*

*Julio:*

10. Somentei millo miúdo  
nas pernas dunha rapaza;

*Ai, chínguili, chínguili, chínguili;  
ai, chínguili, chínguili, cha!*

teño que marchar da terra  
antes de qu' o millo naza.

*Ai, chínguili, chínguili, chínguili;  
ai, chínguili, chínguili, cha!*

*Jesusa:*

11. O carallo a maila cona  
foron os dous a beber-e;

*Ai, chínguili, chínguili, chínguili;  
ai, chínguili, chínguili, cha!*

e non encontraron aughua  
e puñéronse a joder-e.

*Ai, chínguili, chínguili, chínguili;  
ai, chínguili, chínguili, cha!*

*Rafael:*

12. Non me fodas no camiño,  
mira que non son cadelas;

*Ai, chínguili, chínguili, chínguili;  
ai, chínguili, chínguili, cha!*

chéghanche os collós ao chao-e  
e énchesm' a cona de terra.

*Ai, chínguili, chínguili, chínguili;  
ai, chínguili, chínguili, cha!*

*Julio:*

13. E o teu mozo foi aló a Albixoi  
e volveu cunha gaita máis ghrande que un boi.

*Ai, chínguili, chínguili, chínguili;  
ai, chínguili, chínguili, cha!*

*Rafael:*

14. Botei un polvo na cona  
e outro no aliviadoiro;

*Ai, chínguili, chínguili, chínguili;  
ai, chínguili, chínguili, cha!*

non ten duda, non ten duda  
que a cona che é de coiro.

*Ai, chínguili, chínguili, chínguili;  
ai, chínguili, chínguili, cha!*